

MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN REITORAL AO ABEIRO DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS AO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN FÍSICO-DEPORTIVA E CULTURAL ORGANIZADAS POLO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NO EXERCICIO 2024

Con respecto á solicitude de axuda presentada por Darío Senín Sotelo con data 14 de outubro de 2024, e téndose presentada unha solicitude de ampliación de crédito para garantir a viabilidade da iniciativa proposta, esta vicerreitoría resolve:

- 1.- Ampliar a axuda ata 400,00 euros para o desenvolvemento da seguinte actividade: Wii Games: Torneo Universitario (ETSE 2024).
- 2.- A contía ampliada destinarase exclusivamente aos conceptos recollidos na ampliación de orzamento que se presentou. Calquera modificación debe ser presentada para a súa aprobación.
- 3.- Todas as demais condicións da resolución orixinal mantéñense vixentes.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso contencioso administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte o da súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo anteriormente indicado en tanto non recaía resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O Reitor

(Por delegación de competencias. R.R. do 21 de abril de 2022, DOG do 26 de abril de 2022)

A Vicerreitora de Estudantes e Cultura

Pilar Murias Fernández

ANEXO I. MODELO DE MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ACTIVIDADE

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ACTIVIDADE				
Persoa responsable:				
Enderezo electrónico de contacto:				
Centro de pertenza:				
Titulación e curso:				
Nome da actividade:				
Código da actividade:				
Obxectivos:				
Memoria da actividade:				
<p>O texto da memoria descritiva deberá incluír información sobre os seguintes elementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Descrición da actividade realizada: • Fotografías da actividade: • Datas, horas e lugares: • Nº de centros: • Nº real de participantes: • Medidas para asegurar a equidade de xénero: • Medidas para reducir o impacto ambiental: • Medios de comunicación, difusión da actividade (exemplos) • Instrumentos para a avaliación das actividades (debe ir acompañado de facturas xustificativas) 				
Relación de gasto executado:				
Concepto	Nº ud.	Prezo ud.	IVE	Importe
Total				

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA DEL PILAR MURIAS FERNANDEZ, VICERREITORA DE ESTUDANTES E CULTURA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 07/11/2024 13:21:10.

CSV: C296-6733-4A5B-9402